

Asinadas as novas táboas salariais xerais do convenio colectivo estatal de centros de asistencia e educación infantil etapa 0-3

Este pasado 12 de xullo tivo lugar a sinatura das novas táboas salariais xerais do Convenio colectivo estatal de centros de asistencia e educación infantil etapa 0-3, tras a sentenza da Audiencia Nacional (AN), gañada polas OO.SS que estamos presentes na mesa negociadora en Madrid ás patronais do sector, que non querían cumprir o mísero XII convenio asinado en 2019 segundo recolle a disposición final 5ª e transitoria 9ª.

Deste xeito actualízanse as “táboas salariais xerais” e de “obras sociais” (caixas aforros) incrementándoas un 5,5% que deberá aplicarse dende o mes de setembro de 2021, aboando os atrasos que correspondan no prazo de 3 meses dende que se publiquen as novas táboas no BOE e sempre antes de decembro de 2022.

Con este incremento salarial o SMI (1000€ dende xaneiro do 2022) verase tamén saldado, nas categorías máis baixas, ao quedar sobrepasado.

Dende a CIG-Ensino non asinamos estas táboas, porque non somos asinantes deste XII convenio e **porque reivindicamos a aplicación da disposición final 5ª ás táboas salariais de “xestión indirecta”** tal cal recolle na súa literalidade, incrementándoas tamén o 5,5%, que como ben sabedes e vos

explicamos, non se acadou na AN como consecuencia da alianza dos sindicatos asinantes do convenio coas patronais do sector.

O máis triste de todo isto é que estas melloras se deban á desmesurada inflación dos prezos e a sentenzas gañadas no xulgado e non á capacidade de presión da parte social na negociación colectiva das mesas en Madrid, debido a que todas as OO.SS estatais, incluída a descolocada maioritaria, manteñen un pactismo e entreguismo ás patronais que impide que poidamos acadar un convenio digno e xusto.

Aplicada a
sentenza da Audiencia
Nacional de adaptación
salarial coa suba do 5,5% en
todos os conceptos
retributivos e dende
01/09/21

En setembro comeza a negociación do XIII convenio e con estes antecedentes nada parece que vaia cambiar, polo que dende a CIG-Ensino intentaremos mudar o rumbo das negociacións e que dunha vez por todas se dignifiquen as condicións laborais e salariais do persoal

traballador deste sector. De non acadarmos este obxectivo e caso de sermos maioritarios na Galiza, dende a CIG-Ensino comprometémonos a loitar por un Marco Galego de Negociación como única vía de negociación real, como sempre defendemos, que nos leve a un Convenio Galego xusto e digno.

ANEXO I : TÁBOAS SALARIAIS XERAIS DE CENTROS DE E.I. ETAPA 0-3
A APLICAR DENDE O 21 DE SETEMBRO DE 2021.
DENDE A PUBLICACIÓN EN BOE NUN PRAZO DE 3 MESES E LÍMITE 31/12/2022.

	SALARIO MENSUAL	SALARIO ANUAL (14 PAGAS)	CPP (14)
GRUPO I. PERSOAL DE AULA			
Mestra/e	1.489,30 €	20.850,20 €	31,74 €
Educador/a Infantil	1.028,63 €	14.400,82 €	24,38 €
Auxiliar de apoio	1.018,07 €	14.252,98 €	16,80 €
GRUPO II. PERSOAL DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS			
Persoal especializado: logopeda, psicólogo, enfermeiro, médico, pedagogo, ...	1.478,37 €	20.697,18 €	31,16 €
GRUPO III. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS			
Persoal de cociña	1.018,07 €	14.252,98 €	16,80 €
Persoal de limpeza	1.018,07 €	14.252,98 €	16,80 €
Personal de mantemento	1.018,07 €	14.252,98 €	16,80 €
Persoal de servizos xerais	1.018,07 €	14.252,98 €	16,80 €
Persoal administrativo	1.018,07 €	14.252,98 €	16,80 €
	SALARIO MENSUAL	SALARIO ANUAL	
CARGOS DIRECTIVOS TEMPORALES			
Director	1.508,65 €	21.121,10 €	
Subdirector	1.508,65 €	21.121,10 €	
Director pedagógico	1.508,65 €	21.121,10 €	

NOTA: O CPP DO CARGO DIRECTIVO SERÁ O QUE CORRESPONDE AO SEU POSTO DE TRABALLO

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago
☎ 981 57 68 00
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina 90
15007 A Coruña
☎ 981 169 810
acorunha@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal